

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 26 de abril de 2013, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica a orde de prelación e puntuación definitiva obtidas polas persoas aspirantes admitidas nas listas para a formalización de nomeamentos estatutarios temporais na categoría sanitaria de enfermeiro/a.

Por Resolución da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, do 14 de marzo de 2012 (DOG nº 59, do 26 de marzo) abriuse o prazo para a inscrición de aspirantes nas listas para a formalización de vinculacións temporais da categoría sanitaria de enfermaría no ámbito das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas á Consellería de Sanidade.

Na devandita resolución prevese unha xeración de listas coas persoas inscritas ata a data do 26.4.2012 que cumpran os requisitos determinados na anterior resolución.

Por Resolución do 18 de decembro de 2012 (DOG nº 243, do 22 de decembro) que modifica a Resolución do 3 de decembro de 2012 (DOG nº 240, do 18 de decembro) publicáronse os resultados provisionais de baremación dos/das aspirantes admitidos/as, coa asignación do número de orde e puntuacións provisionais obtidos.

Finalizado o prazo de reclamación contra a dita resolución e analizadas as reclamacións presentadas, este centro directivo, de conformidade coa base décima da resolución de inicio do prazo de inscrición (DOG nº 59, do 26 de marzo),

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a orde de prelación e puntuación definitiva obtidas polas persoas aspirantes admitidas nas listas para a formalización de nomeamentos estatutarios temporais no ámbito do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas á Consellería de Sanidade na categoría de enfermeiro/a.

Segundo. As listas co número de orde e puntuación definitiva obtidos polas persoas aspirantes admitidas na categoría citada atópanse publicadas, á disposición das persoas interesadas, na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).



Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a aspirante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Terceiro. De conformidade coa base décima da Resolución do 14 de marzo de 2012, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa publicación, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, e con carácter previo, poderase interpoñer recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación.

Cuarto. As listas entrarán en vigor con efectos do 15 de maio de 2013. Resultan de aplicación aos chamamentos que se efectúen a partir da dita data as normas de xestión contidas no Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal aprobado por Resolución do 26 de abril de 2011 (DOG nº 89, do 9 de maio).

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2013

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos

